É neste contexto teórico onde Derrida enuncia a necesidade da aporía da indecidibilidade<sup>24</sup> no ámbito da decisión. A decisión urxente que debe tomar o dereito en cada caso debe pasar pola aporía da indecidibilidade para ser responsábel, para se dirixir alén do dereito para a xustiza. Na dis-inxunción entre xustiza e dereito radica todo o asunto<sup>25</sup>. Para Derrida, facer xustiza sería facer acontecemento, saír do programa, ir para alén dunha potencialidade, para alén do futuro, facer chegar o porvir mesmo. O porvir entendido como aquilo que chega sen rostro nin medida, aquilo que irrompe violentamente unha normalidade dada, o porvir como o incontrolábel, o monstruoso, o indecidíbel, tamén, por tanto, o impensábel. O porvir, que fala dunha gramática quizá sen concepto, quizá aínda sen concepto, quizá inconceptualizábel, unha gramática que di xa o que non é ou o que non está aquí, mais ao mesmo tempo, unha gramática que fala daquilo que vén, do que está xa a vir, do que arriba, do arribante mesmo. Este arribante chamarao Derrida «o radicalmente outro». E o que

24 Texto 21

25 Texto 20

Derrida chama a «xustiza por vir» sería o cálculo co heterónimo, coa disxunción, co estranxeiro. Calcular, traballo e produto do dereito que non se pode nin se debe abandonar, mais un calcular que debe ir alén do calculábel mesmo, alén do cálculo por tanto, para calcular así a heteronomía e a disimetría, calcular, entón, o incalculábel. Este cálculo infinito e sen regra, cálculo imposíbel, cálculo sen *bébaios*, é a afirmación do quizá como o porvir que vén. É afirmar o quizá, o perigoso quizá nietzscheano, non como a dúbida, o escepticismo ou a suspensión dun saber que permanece no seu mero ser suspendido, mais, moi ao contrario, sería afirmar cun «si» incondicional a diferenza radical e a alteridade absoluta do outro que vén como o invisíbel, como o imprevisíbel mesmo. Hai aquí un deber de aceptación sen límite, un deber de hospitalidade incondicional para co estranxeiro. Outra vez, por tanto, un deber de responsabilidade. O resto ou restanza da democracia e da xustiza inscribíense nesas dúas palabras que se fan unha, no «por vir». Este xesto que desvía e adía indefinidamente, detrae do mesmo modo calquera dependencia ontolóxica. A «democracia por vir» e a «xustiza por vir» non atinxen simplemente nin ao constitutivo nin ao regulador. De aí se deriva a ocasión da perfectibilidade, o éxito da democracia en canto que abertura ao acontecemento, á xustiza e ao outro. «Non hai deconstrución sen democracia nin democracia sen deconstrución», escribirá Derrida.

Esta non dependencia ontolóxica instiga as pegadas das democracias actuais a completar un proceso de secularización tan ambiguo como insuficiente, tan escaso como necesario e exitoso. Este proceso duplamente secular é o mesmo que liberou o exercicio democrático da ironía da

auto inmunidade; a posibilidade de inventar a democracia en nome da democracia. Secularización necesaria e en curso, se callar imposible, que liberando o seu concepto da ontoloxía produce a liberación do concepto mesmo. Neste sentido, ningunha teoría, ningunha autoridade, ningunha ontoloxía nin ningunha metafísica especulativa, ningunha teoloxía teleolóxica nin ningún discurso sobre a esencia, a substancia, a conciencia ou a verdade, tampouco ningunha fenomenoloxía, nin con certeza ningunha filosofía, poderá nunca apropiarse da democracia e a xustiza por vir.





## X. DECONSTRUCCIÓN DO TEMPO: O PORVIR, O ACONTECEMENTO, O QUIZÁ

Diremos de entrada que quizá non se poida pensar o porvir e reservaremos ese mesmo quizá como a súa categoría máis propia. Quizá non se pode pensar o porvir, polo menos, desde determinada tradición que se dedicou a pensar o que significa pensar, que pensou as normas mesmas do pensar e, nese pensamento determinado e singular, nese pensar o pensar, estableceunas como as Normas do pensar con maiúsculas. E case polo mesmo lado diremos que ese pensar, que ese pensamento do pensar mesmo, si é capaz de pensar o futuro. Cando nos propomos falar do futuro ou do porvir, é sempre, polo menos en último termo, unha tentativa de falar do tempo, do tempo futuro ou do tempo que resta por vir. Pensar o tempo, consciente ou inconscientemente, sería entón sempre preliminar a unha tentativa de pensar o futuro. E pensar o tempo, pensamento fundamental que atravesa a historia da filosofía de Aristóteles a Hegel e máis alén, foi sempre pensar o presente ou polo menos a presenza, a presencialidade do presente. Derrida explica a través do concepto de *nûn*<sup>26</sup>: o instante,

o agora. Concepto que foi modificado e repensado polas máis ilustres mentes da nosa historia, mais, ao mesmo tempo, concepto que atou esas mentes ao instante, ao agora, ao pensamento da presenza. O *nûn*, elemento temporal e atemporal do tempo, elemento temporal que posibilita o agora-presente, o ser presente, o *nûn* como agora e como límite, porén elemento que transcende nun non-ser-agora que posibilita a cadea de non-entes que constitúen o tempo, noutras palabras, que relaciona a actualidade, o agora, cun agora-pasado e un agora-futuro. Non-entes que non poden participar da presenza plena do *nûn* entendido como o agora-presente, mais, ao mesmo tempo, non-entes que só poden ser pensados desde ese *nûn* e participando del. O pensamento do pasado, do agora e do futuro está absolutamente ligado ao pensamento da presenza, ao *nûn* como agora-presente. Diríase, entón, segundo un pensamento tradicional que a construción do agora, comprendida a través do agora-pasado, é o elemento fundamental para pensar o futuro, o agora-futuro. Concepción tradicional do ente como presenza plena e inalterábel que, nos segredos da súa verdade, concede a chave para pensar racionalmente o futuro e lograr certa «anticipación», certa (pre)visión necesaria para escribir un programa, sen dúbida urxente, polo que se guiar no mañá inmediato: organización política, construción do dereito, etc.

Para a deconstrución derridiana a prefiguración do horizonte, segundo a fórmula do futuro anterior, traballa cunha concepción do futuro anticipábel, presente-futuro, grazas á preeminencia do concepto de presenza entendido como aquilo que alberga ese *nûn* atemporal, esencia inmutábel que posibilita un discurso certo (atinado, acertado,

verificábel) do que virá. A preeminencia do *logos* e a súa relación esencial e inmediata coa conciencia fai posíbel un pensamento do futuro grazas a un elemento atemporal do tempo e a unha significación transcendental. Segundo isto, para Derrida, o futuro, o agora-futuro ou o presente-futuro, é pensábel, o cal quere dicir tamén, programábel e anticipábel, e mesmo nalgunha medida controlábel e esperábel. Pola contra, para Derrida, unha vinda esperábel, aquilo que chega co rostro descuberto, non produce acontecemento. Aquilo que vén e é coñecíbel, da orde do posíbel, pertence xa ao presente-futuro, á presencialidade presente do agora-futuro e, como xa está aquí como futuro e por iso é programábel, non produce acontecemento algún. Non hai a novidade nin a decisión porque, como xa vimos, unha decisión que se deduza directamente dun saber, dun saber-facer, dun conxunto de normas e de regras preestabelecidas, unha decisión calculábel que non se enfronte á incalculabilidade do radicalmente outro, do por vir absoluto, non é unha decisión mais un simple cálculo, unha técnica que inclúe a súa conclusión nas premisas mesmas.

A deconstrución subliña que un acontecemento debe vir do porvir mesmo, non se pode deducir a súa temporalidade desde a presenza, xa for presente ou pasada. A posibilidade da súa chegada arriba en todo caso como o imposíbel mesmo, como a improbábel posibilidade do imposíbel. E este (im)posíbel, esta posibilidade do imposíbel, constitúe o único acontecemento posíbel, a saber, o acontecemento imposíbel<sup>27</sup>. O porvir é, para Derrida,

o que vén como incontrolábel, inanticipábel, o que está fóra de programa. Só aí hai a posibilidade da decisión que debe enfrontarse á indecidibilidade sempre aporética do imposible. Neste contexto, cal pode ser o concepto de responsabilidade para (c) o porvir? A responsabilidade, pensamento ético-político por tanto, mais tamén filosófico-teórico, científico e escatolóxico, defínese como dar resposta, como a propia experiencia de dar resposta ao outro. Ao outro que hai en min, ao outro que habita en e entre nós, mais primeiramente, ao outro como outro. E a suspensión necesaria do saber que apuntabamos un pouco máis acima, exige outra experiencia da responsabilidade, outra resposta para con aquilo que chega sen posibilidade ningunha de ser pre dito. Iso que chega e que chamamos «porvir» ou «acontecemento», non sería simplemente algo que vén de diante, de máis alén, do futuro, senón que a súa chegada é so a condición da imprevisibilidade e da novidade absoluta, da ocasión, por conseguinte, unha chegada que cae do ceo, que pode facer chegar do pasado absoluto o porvir mesmo.

O acontecemento por vir terá sempre esta condición espectral do fantasma, do reaparecido, dirá Derrida, posto que a invención absoluta é, tamén, sempre unha volta, un regreso, un *revenant* que participa da herdanza. A lóxica da espectralidade, lóxica sen lóxica posto que parte o principio da causalidade, da dedución racional a partir da causa e o efecto, asedia, en primeiro lugar, o propio concepto de tempo, a linearidade temporal. Pensar o porvir non sería o mesmo que pensar o futuro, é dicir, aquilo que vén despois do presente e moito despois do pasado. Pensar o porvir sería pensar a volta, é dicir, a repetición, daquilo que regresa

ou pode sempre regresar como novidade absoluta, como diferenza, como iterabilidade. Repetición na diferenza e diferenza na repetición, porque é precisamente a diferenza a que se repite unha e outra vez, cada vez a primeira e a última vez. O pensamento da *différance* traballa con e nun concepto de tempo alporizado, *out of joint*. Un agora, un *nûn*, que se despraza de si mesmo e que non é nunca un agora-mesmo, mais sempre outro agora do agora. Un *nûn* sen *nûn* propio. Este agora como outro é o porvir que está aquí mesmo como chegada, ou mellor, como o que non está aínda, como o que pode, quizá, chegar. Non é unha chegada disto ou aquilo que poidamos hipotetizar senón que é a chegada mesma do quizá, o quizá como o imposible porvir. A deconstrución pretende ser unha abertura á ocasión, ao novo, mais baixo unha vixilancia infinita, posto que o «novo» sempre corre o risco de ser un «de novo» motivado, censurado, aplanado e, en definitiva, eliminado, polo máis fervente desexo de apropiación que constitúe a historia da filosofía. A deconstrución, o quizá e o pensamento imposible do porvir non sería entón unha filosofía, mais, escribe Derrida, «outra experiencia do quizá: do pensamento como outra experiencia do quizá». O acontecemento ten lugar, entón, cando se fai o imposible e os filósofos do futuro ou «filósofos do quizá», como lles chamaba Nietzsche, non deben centrarse na actualización dunha presenza futura, nunha simple pasaxe ao acto, mais na invención imposible do porvir. Para Derrida, o acontecemento non ten nada a ver coa historia, se entendemos a «historia» segundo unha concepción teleolóxica. O acontecemento é o porvir que vén, unha mesianicidade sen mesianismo, unha promesa sen garantías non fechada polo

horizonte (límite), mais aberta absolutamente á alteridade, ao radicalmente outro. Para este porvir que non só ultrapasa unha concepción ontoteleolóxica senón que debuxa ademais unha nova figuración ético-política do estranxeiro e do heterónimo, dirá Derrida, «non existe exergo».

## XI. DECONSTRUCCIÓN DO ARQUIVO<sup>28</sup>: A TÉCNICA E O FANTASMA

A deconstrución ponse en marcha onde unha natureza ou unha esencia natural parecen gobernar tranquilamente. O deconstruíbel é o artificial, aliás, o fabricado, o protético. Mais esta definición do artificial vai moito alén de Aristóteles e establécese segundo a lei da «artefactualidade». Este neoloxismo expón o feito de que a «realidade» é un artefacto, isto é, a realidade faise, fábricase como unha artificialidade. Dicar que a realidade é unha feitura ficcional significa en primeiro lugar quebrar a oposición clásica entre «real» e «virtual». A interposición técnica que actúa en todo discurso, en especial no das imaxes tecnolóxicas, implica a artefactualidade. Alí onde hai unha intervención técnica hai deconstrución ou, polo menos, iso «é» en deconstrución.

É evidente que non podemos obviar aquí a profunda e complexa reflexión de Heidegger acerca da técnica. Para o pensador alemán, a *tekhné* pertence certamente ao movemento mesmo da verdade. Non se pode pensar a verdade

sen un pensamento da técnica. Alén disto, a técnica non representaría o mal mesmo que viría a destruír a *physis*. Con todo, ao mesmo tempo e no mesmo xesto parece haber certo rexeitamento da técnica en xeral, da técnica pensada como contaminación e desvío do puro.

Para Derrida, o máis importante sería pensar se o pensamento da técnica en Heidegger é un pensamento non técnico. Isto é, a tecnicidade como pensamento non técnico da técnica que constituiría a condición mesma de posibilidade dese pensamento. Desta forma, a esencia do pensamento non sería técnica, a tecnicidade non sería tecnolóxica, así como a cientificidade da ciencia non é científica. Aquí encontrámonos coa posibilidade de pensar a diferenza ontolóxica e cunha pretensión en Heidegger de pureza do pensamento. O puro acharíase alí onde a técnica aínda non ten lugar, isto é, non no movemento mesmo da verdade onde xa sempre hai *tekhné*, mais na esencia do pensamento como posibilidade de pensar ese movemento. É neste punto pretecnolóxico onde Derrida discrepa de Heidegger. Toda pretensión de pureza e de orixinariedade foi abordada pola deconstrución derridiana desde os seus inicios.

Comprender esta posición ante unha lectura de Heidegger é fundamental porque a intervención técnica non só atravesa a posibilidade mesma das imaxes e reaviva o retorno dos fantasmas, senón que anuncia a morte. Morte que habería que diferenciar aquí do «ser para a morte». Derrida sinálao baixo a expresión *plus de vie*, ambigua en francés porque a letra «s», que se pode ler ou non, di a un tempo «extra de vida» e «non máis vida». É preciso recordar que a letra «s» que marca o plural, para alén da



polisemia, é o concepto «diseminación». Unha vez que hai arquivo, por exemplo unha imaxe rexistrada, por tanto, gravada e almacenada nun soporte que xa non somos nós, un disco ríxido ou un papel fotográfico, unha imaxe de nós que vive sen nós, que xa non precisa de nós; esa imaxe anuncia a morte e a vida após a morte. Unha imaxe continuará a ser, para alén da desaparición do fotografado, a herdanza viva daquilo que non é presente. Mais alí onde hai arquivo, hai herdanza viva do que non é presente, alí está o fantasma do que nunca se viviu en presente. A imaxe mostra ao mesmo tempo a morte e a supervivencia para alén desta, a posibilidade do retorno. É o problema do arquivo. A palabra *arkhé*, que di ao mesmo tempo o comezo e o mandato, nunca supón unha orixe plena mais a volta ou a reaparición daquilo que non se viviu en presente. O arquivo entendido como o «extra de vida» marca á súa vez a posibilidade da destrución, a aniquilación da memoria, o «non máis vida». A tele-tecnoloxía traballa esta dupla lóxica. Multiplica de xeito exponencial a posibilidade da memoria, isto é, do arquivo e da herdanza, por tanto, da responsabilidade, ao mesmo tempo que multiplica a posibilidade da destrución, a pulsión de morte. É esta pulsión que nunca poderemos desligar de Freud a que produce a súa contraria, isto é, unha pulsión ou compulsión de conservación. Certamente podemos arquivar debido á finitude do arquivo, mais é a destrución infinita a que o ameaza ao mesmo tempo que o fai posíbel. A imaxe que anticipa a morte, que a sitúa xa nun horizonte de espera que nada ten a ver co por vir, posibilita os fantasmas en virtude da súa posibilidade de repetición. O arquivo supón a repetición ou o retorno do outro, do fantasma. Mais este proceso de

repetición participa da lóxica da iterabilidade, ou mellor, produce un desprazamento naquilo mesmo que se repite sen cesar. Isto é o que fai que aquilo que volte regrese como fantasma, inanticipábel porque o seu retorno será sempre outro retorno, cada vez singular. O que volta é o *iter*, o outro, o descoñecido. E soamente en canto volta como *revenant*, imprevisíbelmente, sen imaxe, produce acontecemento. É desta forma como o acontecemento, a pesar de estar desligado da visibilidade e da imaxe, participa tamén da intervención técnica que posibilita calquera imaxe. Destruír a memoria sería destruír, entón, o porvir.

Vemos como a técnica artefactual, fantasmagórica e deconstruíbel, constitúe a posibilidade de toda inscrición ao mesmo tempo que a ameaza. Así, a imaxe e a escritura en xeral, en canto inscrición, son xa desde sempre tecnolóxicas. Por tanto non hai «natureza», no sentido de *physis* orixinaria e pura, nin da imaxe nin da escritura. Este desenvolvemento fantolóxico, en troca, non impide a Derrida denunciar certo logocentrismo da imaxe, ben ao contrario, demándao. E a deconstrución da suposta naturalidade e do suposto dicir puro das imaxes é, hoxe en día, urxente. É preciso previrse do escondedoiro que pode supor un discurso da tecnicidade da técnica, da imaxe, da escritura, mais tamén da filosofía, da política, da literatura, e de toda inscrición en xeral. O xa sempre técnico non dá carta branca á técnica, antes ao contrario, demanda unha vixilancia extrema, infinita e incalculábel. E toda vixilancia é sempre un labor dos ollos, da vista e do dereito de fiscalización (*droit de regard*). Así como non existe vixilancia cega tampouco debería haber cegueira sen vixilancia. A vixilancia é sempre vixilancia da imaxe, por tanto, tamén da imaxinaría

e da imaxinación. Este dereito de fiscalización, que é tamén un deber, participa na vinda do invisíbel, do *revenant* e do acontecemento. Unha vixilancia que non instaúra unha fronteira no horizonte do seu ollar para impedir entrar ó outro.

Ao contrario, sería unha vixilancia que se opón ao límite fronteirizo e nacional (quer dun Estado-Nación, quer dun nacionalismo filosófico), un vixilante que facilita a entrada daquilo que non vixía e en calquera dos casos daquilo que non pode empecer a súa chegada. Un deber de vixilia constituíu sempre o filosófico.

Mais o que Derrida propón non é unha vixilancia ontolóxica do que o ser é, senón daquilo que asedia o ser constituíndoo en desprazamento de si mesmo e imposibilitando a re-presentación. Fantoloxía, dirá Derrida, unha case-lóxica do fantasma. Unha presenza espectral que asedia toda presenza primeira virando a presenza mesma impresentábel.



## XII. DECONSTRUCCIÓN<sup>29</sup>

Deberíamos comezar de novo. Comezar alí por onde sen dúbida xa comezamos, aquí podería ser pola deconstrucción. Deixamos entrever estratexias e actuacións da deconstrucción de Derrida nalgúns dos enclaves onde ela traballa. E o feito de non comezar por explicar «a deconstrucción» antes da «deconstrucción do logocentrismo» ou da «deconstrucción do contexto» é, ao mesmo tempo, consciente e imposto pola estratexia da deconstrucción. A deconstrucción, *como tal*, non existe. Non pode ser sometida á pregunta «que é?» para obter unha definición máis ou menos precisa. A deconstrucción non está so o xugo da ontoloxía porque non se instala con comodidade na lóxica do suxeito-objecto, base de todo coñecemento científico. Mais, simultaneamente, a deconstrucción tampouco está fóra desa lóxica. Sitúase nesa mesma lóxica para a desprazar cada vez para un fóra que xa non é ela mesma, para a diferir para a alteridade, para dar unha oportunidade ao outro. A deconstrucción é o que vén, dirá Derrida. A deconstrucción non é nin un método, nin unha crítica, nin

unha análise. Non é un útil ou ferramenta que poidamos tranquilamente aplicar a un texto desde a posición do soberano para que o texto nos diga o que sempre quixo calar. A deconstrución, como xa vimos, actúa alí onde unha artificialidade parece gobernar tranquilamente. Habita no protético, no fabricado, no artificial. E ese habitar en deconstrución produce o movemento do habitado. «Iso deconstrúese», dirá tamén Derrida. Con todo, ao mesmo tempo, a deconstrución non vén dada, non é pasividade nin existencia no sentido ontolóxico. A deconstrución, como movemento do artificial, faise. Ela é xa artificial, é dicir, non é unha substancia superior que por fin chegou nos finais do século XX, non é unha crítica nin, tampouco estritamente, unha filosofía. A deconstrución faise cada vez, sempre a primeira e a última vez. Esta singularidade absoluta é a segunda imposibilidade para a existencia da deconstrución. En todo caso hai deconstrucións, en plural, pluralidade que se deriva inmediatamente da singularidade absoluta. A deconstrución exige a singularidade porque ela é singular. Este requirimento obriga á invención, en cada caso, da deconstrución mesma. A súa falta de esencia non só a afasta da ontoloxía máis básica, afastándose nunha aproximación extrema, senón que a abre a unha responsabilidade infinita, a saber, a responsabilidade de crear cada vez as propias regras da deconstrución. É por este motivo polo cal a deconstrución non é un método, porque non hai unha metodoloxía, un conxunto de normas e estratexias que aplicar. Tamén por isto a deconstrución non se pode ensinar, o cal non quere dicir que non demande traballo e esforzo ou que sexa algo dado. Polo contrario, a deconstrución actúa sobre a metodoloxía de aquilo que deconstrúe

nun refacer, nun cuestionar e nun perfeccionar, sen límites. Hai aquí unha aposta política. Alí onde non hai unha natureza no sentido grego de *physis*, ningún establecemento nin ningunha fixación, ningunha estaticidade nin ningún estatismo, tampouco ningunha estancia nin ningún estado poden nin deben deter nunca a existencia de actualización e perfección, de perfeccionamento na actualización, existencia pois de perfectibilidade e de xustiza.

No entanto, tamén vimos que para Derrida non hai natureza pura porque toda inscrición desde a súa orixe dividida é xa tecnolóxica. Se algunha cousa postula a deconstrución, sería a divisibilidade infinita. Un concepto divisíbel perdería a súa esencia estábel e illada, o seu carácter de ser para ser diferido ao que, non sendo el, non obstante, o constitúe. Unha abertura á ocasión, un desprazamento para o outro que se entende sempre como porvir, sería unha deconstrución. Este sería o segundo motivo polo cal a deconstrución non é nin sequera un concepto. En primeiro lugar, porque se sitúa dentro e para alén da ontoloxía e, en segundo lugar, porque a deconstrución divide o concepto. Ela deconstrúe o concepto «concepto» solidario da propia historia ontolóxica do concepto así como da historia do propio, da propiedade do propio. Que é o que acontece se aplicamos a lóxica da exapropiación ao concepto «concepto»? En primeiro lugar, a «exapropiación» non podería ser ela mesma un concepto, pola contra ficaría inmediatamente capturada dentro da lóxica que pretende capturar. En segundo lugar, un concepto que na intención de apropiarse deixe a cousa na súa alteridade non sería xa estritamente un concepto. Isto é tamén o que lle acontece á deconstrución mesma. Ela non pode ser un concepto,

diciamos alegando dous motivos, mais ela é tamén e sempre un concepto desde que ela actúa sobre, e non pode escapar de, a lóxica conceptual da linguaxe en xeral. Aquí a deconstrución tropeza coa complexa necesidade de inventar unha linguaxe.

[Quizá sexa este un bo lugar para abrir unha paréntese e explicar o que habitualmente é a primeira frase dunha explicación que continúa enfrascada nunha concepción clásica da orixe como pasado, quere dicir, a explicación da «orixe» da palabra «deconstrución». Serei breve: Na historia da filosofía francesa, a palabra «deconstrución» asínaa por primeira vez G. Granel na tradución do texto de Heidegger «Contribución á cuestión do ser». Aí utiliza «deconstrución» para traducir *Abbau*, reservando o termo «destrución» para traducir *Zerstreuung*. É o propio Derrida quen explica que o termo «deconstrución» vén a traducir os termos heideggerianos de *Abbau* e *Destruktion*, que non fan referencia a unha destrución, mais antes a unha des-estruturación. O importante é que Derrida utiliza este termo en pleno apoxeo do estruturalismo francés e, como apunta o propio Derrida, utilízao non como unha palabra chave, mais dentro dunha cadea de palabras que facían referencia a un mesmo movemento des-estrutural e que viñan motivadas e exixidas por un contexto determinado. Foi, polo contrario, a crítica a que situou sobre a palabra «deconstrución» a carga teórica de todo o pensamento de Derrida, necesitada, como é habitual nos que tentan consumir filosofía como se dun *fast-food* se tratase, de agarradoiras e comodíns que a axudasen a engulir o que é preciso mastigar e saborear.]



Tamén vimos como a necesidade de inventar unha linguaxe era a exixencia primeira e a experiencia mesma da tradución. Outra vez unha abertura á ocasión, á invención da ocasión. A propia palabra «deconstrución» nace deste requirimento. Mais a deconstrución non pretende inventar unha linguaxe libre de contaminación metafísica e que se sitúe alén dos erros do pasado. Non inaugura. É por isto polo que Derrida se resiste a ser incluído nun movemento xeral como o da posmodernidade. A deconstrución non supera nada e non vai máis alá de cousa ningunha. Ao contrario, diríamos que ela vai máis acá, aproxímase, volta constantemente. Este é o enorme problema da herdanza en Derrida. A deconstrución non sae da metafísica para a criticar, senón que se sitúa nela, e desde ela e con ela traballa. Volta aos textos da tradición para os revisar infinitamente e mostrar o propio movemento que eles producen, o resto e o principio de ruína que trastorna todo proceso de significación.

Ningunha escritura é dominábel, ningún suxeito é soberano do texto. A deconstrución, que tampouco é dominábel nin dominante, non faría máis que mostrar o excremento dun texto que non fai senón empurrar cara ao outro de si mesmo, cara a certo fóra de si, que quere dicir, que non fai senón apagarse. É segundo este *double bind* que se encerra en cada inscrición, segundo esta estrutura aporética de toda significación, como a necesidade de inventar un concepto que saia do concepto, tórnase urxente. En última instancia, a necesidade de inventar unha linguaxe que non esqueza a herdanza que trastorna. Para Derrida, toda herdanza é activa e transformadora. Con todo, máis unha vez non podemos senón ser infieis aos textos derridianos

porque se algunha cousa non hai é o «texto» derridiano. A súa obra non é un corpus, íntegro, completo, intacto e absoluto como se desexa. Nada desta estrutura que aquí designamos é aplicábel en xeral, sempre (palabra que significa «universal», precisa Derrida), senón que todo se desenvolve cada vez nun caso concreto, cada vez nunha deconstrución diferente, nunca illada mais tampouco sintetizábel e que, por partir dun principio dividido, nunca é redutíbel a principio. Así, ao lermos as numerosas deconstrucións de Derrida, encontramos en cada caso un achegamento íntimo e minucioso a un texto, así como ao «texto» en sentido xeral. Sempre a un ou varios textos, posto que a xeneralidade abstracta e a especulación, a pesar do que se quere facer crer, non ten moito que ver con Derrida. Cando a deconstrución se achega a un texto, con frecuencia textos considerados marxinais ou de pouca importancia pois, para alén de quebrar xerarquías, é aí onde un baixa a garda da retórica, faino dándolle o tempo necesario, intimando con el e falando a súa linguaxe, transitando a súa estratexia e facendo o seu percorrido até ser o propio texto o que saia de si mesmo e libere o espazo para a novidade que en si mesmo albergaba. É por isto que non poderíamos nunca falar estritamente de «palabras chave» no pensamento de Derrida, porque todos e cada un dos neoloxismos ou neografismos que Derrida acostuma utilizar foron derivados dunha necesidade concreta dun texto concreto e nunha lectura concreta, unha lectura, aliás, de entre as infinitas lecturas posíbeis. O que Derrida faría, e o que lle debemos, sería presentar a través dunha lectura posíbel, a súa, a infinidade e a necesidade de (im)posíbeis lecturas.

Aquí a deconstrución ábrese a si mesma, divídese infinitamente e énos entregada en herdanza baixo a responsabilidade de inventala cada vez, de transformala en deconstrución, de continuala iterabelmente. É por esta singularidade absoluta da deconstrución, singularidade que fai a cada texto de Derrida singular mais nunca illado, singularidade que destrúe até como vimos, o edificio da sinatura e do nome propio, pola que ningunha introdución a Derrida cumprirá nunca o seu obxectivo. Esta é a razón pola que comezamos dicindo que a nosa intención era incitar a entrar nos textos derridianos: quizá para comprobar a (im)posibilidade dunha introdución a Jacques Derrida.

Se callar non fixemos máis que explicar a deconstrución sen explicala ou, o que sería aínda peor, explicala ao tentar explicar a súa non-explicabilidade. O propio Derrida foi obxecto da pregunta «que é a deconstrución?» en numerosas entrevistas. Aí, sen esquivar a pregunta e sen negarse xamais a responder, el articulou cada vez unha resposta oblicua e angular, unha resposta que cuestiona a pregunta e mostra o desvío que a propia deconstrución supón e require.

Escollemos algunhas das deconstrucións de Derrida non para presentar a deconstrución derridiana, senón para sinalar puntos de traballo e estratexias. Sobre todo, necesariamente, o que fixemos foi obviar deconstrucións, nin sequera as apuntar (psicoanálise, finitude, feminidade, xudaísmo, universidade, relixión, inconsciente, fe/razón, proba/testemuño, loucura, *speech acts*, Deus, animal, nazismo, don, dó, perdón, pena de morte, soberanía e un aínda moi longo etcétera). Tamén obviamos a maioría dos nomes propios que Derrida cita e sobre os cales traballa in-

cansabelmente (Platón, Santo Agostiño, Descartes, Kant, Marx, Schelling, Hegel, Pascal, Heidegger, Schmitt, Valéry, Blanchot, Lévinas, Celan, Mallarmé, Paul de Man, Deleuze, Agamben e outro longuíssimo etcétera). Nomes propios na marxe dos cales Derrida (se) escribe sempre en deconstrución, pois ela habita sempre no edificio metafísico do propio. Este «obviar», feito imposto polo propio formato dunha introdución, non significa que as deconstrucións escollidas como material para o discurso sexan as principais ou as máis importantes. Se a nosa introdución aspira a algún éxito, sería a facer entender que a estrutura piramidal do pensamento logocéntrico é o primeiro a deconstruír; o primeiro, precisamente, por non ser primeiro.

Por último, cabe repetir até a saciedade o que é obvio para toda introdución: unha introdución non substitúe ó autor, non debe substituílo. A responsabilidade de ler os textos do autor é ineludíbel e debe ser sempre o punto de partida para comprender unha introdución, nunca ao contrario. Só así podemos evitar o aplanamento, a inanidade e a prostración intrínsecos a toda introdución.

Aquí está en xogo a cuestión do estilo, que en Derrida tampouco é unha simple «forma» de expresar un sentido. O estilo fai parte do tecido textual no cal se inscribe toda significación, crebando así a oposición dualista forma/contido. Multiplícanse os símbolos (guións, parénteses, chaves) así como non soamente polisemias, mais diseminacións de sentidos, palabras que poden xogar varios roles diferentes na mesma frase e palabras que dan pé ou obrigan a inventar os seus propios roles. Pártese así a posibilidade dunha lectura estritamente fonética dos textos de Derrida. Presta especial atención aos títulos, pois estes son lugares

pouco saturados onde a diseminación camiña a gusto e gusta dunha redacción que obriga a saltar entre frases para buscar o «suxeito», con frecuencia múltiplo, e que impele á lectura a retroceder e avanzar mudando e combinando ritmos diferentes nun vaivén que imposibilita a lectura li-neal e única. O estilo de Derrida contamina a exigencia de inmanencia, respecto e achegamento radical ao texto, coa súa «solicitude». Non poderíamos explicar (o estilo de) Derrida sen caer no parafraseo e, en última instancia, veriámonos obrigados a repetir todos e cada un dos textos tal e como el os escribiu. Mais tampouco, por outro lado, é posíbel falar de Derrida sen instalarse xa nel. É por esta razón, entre outras, que esta introdución vai acompañada dunha selección de textos, para que o lector poña os pés e os ollos sobre o que se recolle baixo o nome «Derrida».

Mais é preciso dicir tamén, para destruír o mito da ile-xibilidade de Derrida, que todo o que el asina é máis claro e directo que o que asinan os seus especialistas cando tentan explicalo. A única condición sería dedicarlle o tempo e o esforzo, tamén o ritmo e a atención, que os temas que Derrida trata exigen.



---

## ESCOLMA DE TEXTOS<sup>30</sup>

30 Todos os textos aquí recollidos foron traducidos ao galego polo autor desta introdución.





## Texto 1

«...Una de las virtudes más recientes...», en De Peretti, C.: *Texto y deconstrucción*, Anthropos, Barcelona, 1989, pp. 12-13

Espérase dun prefacio, entre outras cousas, que de antemán presente, expoña ou recompile. Ora ben, o «tema» e a «lóxica» deste libro é precisamente o que baixo os nomes de «pegada», de «arqui-escritura», de «*différance*», de «fármaco», de «suplemento», de «deconstrución», etc., excede estruturalmente a presenza ou a presentación, a fenomenalidade, a «tese» (posición, exposición), o tema e o sistema. Era, por conseguinte, preciso pensar unha necesidade, unha forma de coherencia que satisfíxese esta non-sistematicidade sen caer na desorde ou na empiricidade. Non só era preciso pensar esta necesidade, era preciso «presentala», presentar o impresentábel dentro dunha retórica, mesmo dentro dunha pedagogía, en calquera dos casos dentro dunha lingua que claramente puidese convencer ó lector sen traizoar aquilo mesmo que resta por pensar.

Era preciso negociar coas regras da lóxica filosófica máis exixente a presentación do que sen dúbida xa non pertence simplemente á filosofía.

## Texto 2

«La structure, le signe et le jeu dans le discours des sciences humaines», en *L'écriture et la différence*. Paris, Seuil, 1967, pp. 412-413

Cando Lévi Strauss di no prefacio a *O cru e o cocido* que «pretendeu transcender a oposición do sensíbel e o intelixíbel situándose de entrada no plano dos signos», a necesidade, a forza e a lexitimidade do seu xesto non pode facernos esquecer que o concepto de signo non pode por si mesmo ultrapasar esa oposición do sensíbel e o intelixíbel. Está determinado por esa oposición: dun lado ao outro e a través da totalidade da súa historia. O concepto de signo só puido vivir desa oposición e do seu sistema. Mais non podemos desfacernos do concepto de signo, non podemos renunciar a esta complicidade metafísica sen renunciarmos ao mesmo tempo ao traballo crítico que diriximos contra ela, sen correremos o risco de borrar a diferenza dentro da identidade consigo mesmo dun significado que reduce en si o seu significante ou, o que é o mesmo, expulsando a este simplemente fóra de si. Pois hai dúas maneiras heteroxéneas de borrar a diferenza entre o significante e o significado: unha, a clásica, consiste en reducir ou en derivar o significante, quere dicir, en someter finalmente o signo ao pensamento; outra, a que diriximos aquí contra a anterior, consiste en pór en cuestión o sistema en que funcionaba a redución anterior: e en primeiro lugar, a oposición do sensíbel e o intelixíbel. Pois o paradoxo está en que a redución metafísica do signo tiña necesidade da oposición que ela mesma reducía. A oposición forma sistema coa redución. E o que dicimos aquí sobre o signo pode estenderse

a todos os conceptos e a todas as frases da metafísica, en particular ao discurso sobre a «estrutura».

[*De la grammatologie*. París, Minuit, 1967, p. 23]

A noción de signo implica sempre en si mesma a distinción do significado e do significante, aínda cando, de acordo con Saussure, sexa en última instancia como as dúas faces dunha única e mesma moeda. A devandita noción permanece por tanto na descendencia dese logocentrismo que é tamén un fonocentrismo: proximidade absoluta da voz e do ser, da voz e do sentido do ser, da voz e da idealidade do sentido. Hegel demostra moito ben o estraño privilexio do son na idealización, a produción do concepto e a presenza consigo do suxeito.

### **Texto 3**

*De la grammatologie*. París, Minuit, 1967, pp. 100-101

O espazamento como escritura é o devir-ausente e o devir-inconsciente do suxeito. Mediante o movemento da súa deriva, a emancipación do signo constitúe retroactivamente o desexo da presenza. Este devir —ou esta deriva— non lle sucede ao suxeito que o escollería ou que se deixaría levar pasivamente por el. Como relación do suxeito coa súa morte, dito devir é a constitución da subxectividade. En todos os niveis de organización da vida, vale dicir da economía da morte. Todo grafema é de esencia testamentaria. E a ausencia orixinal do suxeito da escritura é tamén a da cousa ou do referente.

## Texto4

*De la grammatologie.* París, Minuit, 1967, p. 23

Preséntese xa, pois, que o fonocentrismo se confunde coa determinación histórica do sentido do ser en xeral como presenza, con todas as sub-determinacións que dependen desa forma xeral e que organizan nela o seu sistema e o seu encadeamento histórico (presenza da cousa ao ollar como *eidōs*, presenza como substancia/esencia/existencia (*ousia*), presenza temporal como punta (*stigmé*) do agora ou do instante (*nûn*), presenza a si do cogito, conciencia, subxectividade, co-presenza do outro e de si, intersubxectividade como fenómeno intencional do ego, etc.). O logocentrismo sería pois solidario da determinación do ser do ente como presenza. Na medida en que o devandito logocentrismo non está totalmente ausente do pensamento heideggeriano, o mantén quizá dentro desta época da onto-teoloxía, dentro desta filosofía da presenza, quere dicir, da filosofía. O cal significaría quizá que non se sae da época a clausura da cal pode esbozarse. Os movementos da pertenza ou da non-pertenza á época son moi sutís, as ilusións son moi doadas neste sentido como para se poder resolver aquí en definitiva.

....

[*De la grammatologie.* París, Minuit, 1967, pp. 11-13]

Logocentrismo: metafísica da escritura fonética (por exemplo do alfabeto) que non foi, fundamentalmente, outra cousa que —por razóns enigmáticas, mais esenciais e inaccesíbeis para un simple relativismo histórico— o

etnocentrismo máis orixinal e poderoso, actualmente en vías de ser imposto en todo o planeta, e que nunha única e mesma orde dirixe:

1. O concepto de escritura nun mundo onde a fonetización da escritura debe disimular a súa propia historia no acto da súa produción.
2. A historia da metafísica que malia todas as diferenzas, e non só de Platón a Hegel (pasando inclusive por Leibniz) mais tamén, para alén dos seus límites aparentes, dos presocráticos a Heidegger, asignou sempre ao *logos* a orixe da verdade en xeral: a historia da verdade, da verdade da verdade, sempre foi, salvo pola diferenza representada por unha diversión metafórica que teremos de explicar, unha degradación da escritura e a súa expulsión fóra da fala «plena».
3. O concepto da ciencia ou da cientificidade da ciencia —que sempre se determinou como lóxica— concepto que sempre foi un concepto filosófico, aínda que a práctica da ciencia, de feito, nunca deixou de impugnar o imperialismo do *logos*, apelando, por exemplo, desde sempre cada vez máis, á escritura non fonética. Sen dúbida, esta subversión estivo sempre contida no interior dun sistema alocutorio que deu nacemento ao proxecto da ciencia e ás convencións de toda característica non-fonética. Non puido ser doutro xeito. Non obstante, é propio da nosa época que no momento en que a fonetización da escritura —orixe histórica e posibilidade estrutural, tanto da filosofía como da ciencia, condición da *episteme*— tende a dominar a cultura mundial, a ciencia non poida xa satisfacerse con ela en ningunha das súas avanzadas. Esta inadecuación come-

zara xa desde sempre a outorgar o movemento. Mais actualmente algo deixa que apareza como tal permitindo que, en certo modo, nos fagamos cargo dela sen se poder traducir esta novidade nas nocións sumarias de mutación, explicitación, acumulación, revolución ou tradición. Estes valores pertencen, sen dúbida, ao sistema a dislocación do cal se presenta actualmente como tal e describen estilos de movemento histórico que só tiñan sentido — como o propio concepto de historia— no interior da época logocéntrica.

## Texto 5

«Entretien de Lucette Finas avec Jacques Derrida», en AA.VV., *Écartés. Quatre essais à propos de Jacques Derrida*. Parides, Fayard, 1973, p. 311

Con este termo —falocentrismo— tento absorber, facer desaparecer o guión mesmo que une e torna pertinentes o un para coa outra aquilo que denominei, por un lado, logocentrismo e, polo outro, alí onde opera, a estrataxema falocéntrica. Trátase dun único e mesmo sistema: erección do *logos* paterno (o discurso, o nome propio dinástico, rei, lei, voz, eu, veo do eu-a-verdade-falo, etc.) e do falo como «significante privilexiado» (Lacan).

## Texto 6

*Positions*. París, Minuit, 1972, pp. 37-38

Trátase de producir un novo concepto de escritura. Pódese chamar grama ou *différance*. O xogo das diferenzas supón unhas sínteses e uns reenvíos que prohiben que, en momento ningún, en caso ningún, un elemento simple estea presente en si mesmo e non reenvíe máis que a si mesmo. Tanto na orde do discurso falado ou do discurso escrito, ningún elemento pode funcionar como signo sen remitir a outro elemento que, ao mesmo tempo, non é(stá) simplemente presente. Ese encadeamento fai que cada «elemento» —fonema ou grafema— se constituía a partir da pegada nel dos outros elementos da cadea ou do sistema. Ese encadeamento, ese tecido é o texto que só se produce na transformación doutro texto. Nada, nin nos elementos nin no sistema, é(stá) nunca, en parte ningunha, nin simplemente presente nin ausente. De arriba a abaixo non hai máis que diferenzas e pegadas de pegadas.

....

[*De la grammatologie*. París, Minuit, 1967, pp. 82-83.]

Antes queredamos suxerir que a pretendida derivación da escritura, por real e masiva que sexa, non foi posíbel senón cunha condición: que a linguaxe «orixinal», «natural», etc., non existira nunca, que nunca fora intacta, intocada pola escritura, que ela mesma fora sempre unha escritura. Arqui-escritura, a necesidade da cal queremos indicar aquí e bosquejar o novo concepto; e que só continuamos a chamar escritura porque comunica esencialmente co concepto vulgar de escritura. Este non puido ser imposto

historicamente senón mediante a disimulación da arquiescritura, mediante o desexo dunha fala que expulsa o seu outro e o seu duplo e traballa na redución da súa diferenza. Se persistimos en chamar escritura a esta diferenza é porque, no traballo de represión histórica, a escritura estaba pola súa situación destinada a significar a máis temíbel das diferenzas. Era o que ameazaba desde máis preto o desexo da fala viva, o que a fería desde dentro e desde o seu comezo. E a diferenza, probarémolo progresivamente, non pode ser pensada sen a pegada. Esta arquiescritura, aínda cando o concepto for suscitado polos temas do «arbitrario do signo» e da diferenza, non pode, nunca poderá ser recoñecida como obxecto dunha ciencia. É o que non pode deixarse reducir a forma da presenza. Ora ben, esta dirixe toda obxectividade do obxecto e toda relación de saber.

....

Esta actuaría non só na forma e a substancia da expresión gráfica, mais tamén nas da expresión non gráfica. Constituiría non só o esquema que une a forma con toda substancia, gráfica ou doutro tipo, mais o movemento da signo-función, que vincula un contido cunha expresión, for ou non gráfica. [...]

A arquiescritura, movemento da *différance*, arquiesíntese irreductíbel, abrindo simultaneamente nunha única e mesma posibilidade a temporalización, a relación co outro e a linguaxe, non pode, en tanto condición de todo sistema lingüístico, facer parte do sistema lingüístico en si mesmo, estar situada como un obxecto dentro do seu campo. (O que non quere dicir que teña un lugar real noutro lado, noutro sitio determinábel.) O seu concepto non podería



de xeito ningún enriquecer a descrición científica, positiva e «inmanente» (no sentido que Hjelmslev dá a esta palabra), do sistema en si mesmo. (p. 88)

## Texto 7

*La dissémination.* París, Seuil, 1972, pp. 337-338

[A diseminación] abre o camiño á semente que non (se) produce, por conseguinte, que non se adianta senón en plural. Plural singular que ningunha orixe singular precedería xamais. Xerminación, diseminación. Non hai primeira inseminación. A semente, en primeiro lugar, é dispersada. A inseminación «primeira» é diseminación. Pegada, enxerto a pegada da cal se perde. Xa se trate do que se denomina «linguaxe» (discurso, texto, etc.) ou de inseminación «real», cada termo é un xerme, cada xerme é un termo. O termo, o elemento atómico, xera ao se dividir, ao se enxertar, ao proliferar. É unha semente, non un termo absoluto. Porén, cada xerme é o seu propio termo, ten o seu termo non xa fóra de si mais en si mesmo como o seu límite interior, formando ángulo coa súa propia morte.

....

Escribir quere dicir enxertar. É a mesma palabra [...]. Todas as extraccións textuais [...] non dan lugar —como se puidese supor— a «citas», a «colaxes», nin sequera a «ilustracións». Aquelas non se aplican á superficie ou nos intersticios dun texto que xa existiría sen elas. E elas mesmas non len senón na operación da súa reinscrición, no enxerto. Violencia insistente e discreta dunha incisión inaparente no espesor do texto, inseminación calculada do

alóxeno en proliferación, grazas á cal ambos os dous textos se transforman, defórmanse un ao outro, contamináanse no seu contido, tenden ás veces a se rexeitar, pasan elípticamente dun ao outro e, así, rexenéranse na repetición, na beira dun *punto por enriba*. Cada texto enxertado continúa a irradiar para o lugar da súa extracción e tamén o transforma afectando ao novo terreo. É definido (pensado) pola devandita operación a un tempo que el define (pensa) a regra e o efecto da operación (p. 395).

## Texto 8

*De la grammatologie*. París, Minuit, 1967 pp. 69-70

[«Comme se c’était possible, ‘within such limits’...», en *Papier Machine*. París, Galilée, 2001, pp. 294-295.]

Que quere dicir [...] ‘herdar’ unha tradición, desde o momento que se pensa a partir dela, no seu nome, certamente, mais precisamente contra ela no seu nome, contra iso mesmo que ela crería que debía salvar para sobrevivir ao perderse? De novo, a posibilidade do imposible: a herdanza non sería posíbel a non ser que se torne imposible. Esta é unha das definicións posíbeis da deconstrución —xustamente como herdanza. Propúxena un bo día: a deconstrución sería quizá a experiencia do imposible.

....



«Résistances», en *Résistances – de la psychanalyse*. París, Galilée, 1996, pp. 41-42

O que se denomina a deconstrución obedece de xeito innegábel a unha exixencia analítica, a un tempo crítica e analítica. Trátase sempre de desfacer, desedimentar, descompor, desconstituír sedimentos, artefactos, presupostos, institucións [...] Dado que esta disociación analítica debería ser, tamén dentro da deconstrución, polo menos tal e como eu a comprendo ou a practico, un ascenso crítico-xenealóxico, temos aí aparentemente os dous motivos de toda análise [...] mais, simultaneamente, a ‘deconstrución’ non comeza senón cunha resistencia a este duplo motivo.

....

«La déconstruction de l’actualité», en *Passages*, ed. cit., p. 70

Máis vale a abertura do porvir: este é o axioma da deconstrución, aquilo a partir do cal sempre se puxo en movemento e o que a liga, como o porvir mesmo, coa alteridade, coa dignidade sen prezo da alteridade, aliás, coa xustiza. É tamén a democracia como democracia por vir. Podemos imaxinar a obxección. Alguén diría, por exemplo: ‘Ás veces máis vale que isto ou aquilo non aconteza. A xustiza ordena impedir que certos acontecementos (certos ‘arribantes’) sucedan, cheguen. O acontecemento non é bo en si mesmo, o porvir non é incondicionalmente preferíbel’. Certamente, mais sempre se podería mostrar que aquilo ao que nos opomos cando preferimos condicionalmente que isto ou aquilo non aconteza é algo do que se pensa, con razón ou sen ela, que fecha o horizonte ou, simplemente, forma

un horizonte (palabra que quere dicir o límite) para a vinda absoluta do radicalmente outro, para o porvir mesmo.

....

«Une 'folie' doit veiller sur la pensée», en *Points de suspension. Entretiens*, París, Galilée, 1992, p. 375

Non direi que a deconstrución se regula sobre un concepto aínda máis elevado da responsabilidade, porque desconfío, aprendemos a desconfiar tamén dese valor de altura ou de profundidade (altitude do *altus*), senón sobre unha existencia que creo máis *intratábel* da resposta e da responsabilidade. Sen a cal, na miña opinión, ningunha cuestión ético-política ten posibilidade ningunha de se abrir ou de espertar hoxe en día.

## Texto 26

«Comme se c'était possible, 'within such limits'...», en *Papier Machine*, ed. cit., p. 285.

Se non chega máis que o que xa é posíbel, por conseguinte, anticipábel e esperado, iso non produce un acontecemento. O acontecemento só é posíbel se procede do imposíbel. Acontece como a vinda do imposíbel, alí onde un «quizá» prívanos de toda seguranza e deixa o porvir ao porvir. Ese «quizá» vai necesariamente unido a un «si»: si, si a aqueloutro que vén. Este «si» sería común á afirmación e á resposta, viría mesmo antes de toda pregunta. Un «quizá» como «*perhaps*» (*it may happen*, diríase) antes que coa lixeireza do «*vielleicht*», antes que a chamada ao ser ou a insinuación ontolóxica, o *to be or not to be* dun «*maybe*»,

velaí quizá o que, ao estar exposto como o «si» ao acontecemento, isto é, á experiencia do que sucede (*happens*) e de quen entón chega (*arrives*), lonxe de interromper a pregunta, outórgalle a súa respiración.

....

«La déconstruction de l'actualité». Entrevista publicada en *Passages* (París) nº 57, Sept. 1993, p. 66.

O acontecemento non se reduce ao feito de que algunha cousa aconteza. Pode chover esta noite, pode non chover: isto non será un acontecemento absoluto porque sei o que é a chuvia [...] e, alén diso, non é unha singularidade absolutamente outra. O que aquí acontece non é un arribante. O arribante ha de ser absolutamente outro, un outro que eu espere non esperar, que eu non espere, a espera da cal está feita dunha non-espera, unha espera que carece do que, en filosofía, se denomina o horizonte de espera, cando certo saber continúa a anticipar e mitiga de antemán. Se estou seguro de que haberá acontecemento, iso non será un acontecemento. Será alguén con quen estou citado, quizá Xesucristo, quizá un amigo, mais se sei que chega, e se estou seguro de que chegará, nesa medida polo menos non será un arribante. Mais, sen dúbida, a vinda de alguén que espero pode tamén, dalgunha outra forma, sorprendeme cada vez como unha ventura inaudita, sempre nova e, por tanto, pode acontecerme unha e outra vez. Discretamente, en segredo. E sempre hai a posibilidade de que o arribante non chegue, o mesmo que Elías. Alí, no oco sempre aberto desa posibilidade, a saber, a non-vinda, a desa-vida absoluta, é onde fago referencia ao acontecemento: é tamén o que sempre pode non ter lugar».

«Comme se c'était possible, 'within such limits'...», en *Papier Machine*, ed. cit., p. 307

Cando o imposible se fai posible, o acontecemento ten lugar (posibilidade do imposible). Esta é precisamente, irrefutabelmente, a forma paradoxal do acontecemento: se un acontecemento é soamente posible, no sentido clásico desta palabra, se se inscribe nunhas condicións de posibilidade, se non fai máis que explicitar, desvelar, revelar, realizar o que xa era posible, entón xa non é un acontecemento. Para que un acontecemento teña lugar, para que sexa posible, é preciso que sexa, como acontecemento, como invención, a vinda do imposible. Trátase dunha pobre evidencia, unha evidencia que non é nada menos que evidente. Ela é a que nunca deixaría de me guiar entre o posible e o imposible. Ela é a que me empurraría tan a miúdo a falar de condición de imposibilidade.

«Comme se c'était possible, 'within such limits'...», en *Papier Machine*, ed. cit., p. 309

Un acontecemento non merecería o seu nome, non faría chegar nada se só desenvolvese, explicitase, actualizase o que xa era posible, isto é, resumindo, se se limitase a desenvolver un programa ou a aplicar a un caso unha regra xeral. Para haber acontecemento é preciso que este sexa posible, sen dúbida, mais tamén que haxa unha interrupción excepcional, absolutamente singular, no réxime de posibilidade; é preciso que o acontecemento non sexa simplemente posible; é preciso que non se reduza á explicitación, ao desenvolvemento, á pasaxe ao acto dun posible. O aconte-

cemento, se o hai, non é a actualización dun posíbel, unha simple pasaxe ao acto, unha realización, unha efectuación, a culminación teleolóxica dunha potencia, o proceso dunha dinámica que dependa de «condicións de posibilidade». O acontecemento non ten nada a ver coa historia, se entendemos a historia como un proceso teleolóxico. Ha de interromper dalgunha forma ese tipo de historia. De acordo con estas premisas é como puiden falar, sobre todo, en *Espectros de Marx*, de mesianicidade sen mesianismo. É preciso, pois, que o acontecemento se anuncie tamén como imposíbel ou que a súa posibilidade estea ameazada.



---

## BIOGRAFÍA E (CON)TEXTOS





JACQUES DERRIDA escribiu moito sobre a súa vida. A relación de Derrida coa autobiografía é xa un problema case inabarcábel que excede, en todo caso, as pretensións desta introdución. Mais, como contar a vida, ou o contexto da súa vida, sen caer na invención do contexto? Cal é a diferenza entre «vida» e «contexto»? Até onde chega a «vida» de Derrida e onde comeza o «contexto» da súa vida? Que acontece cando, obrigados polo menos por límites físicos, decidimos, conscientes ou non, contar unha cousa en vez doutra? A fabricación do contexto é sempre inevitábel. Porén en Derrida o problema duplicase e a creación do «seu» contexto tórnase aínda máis delicada porque el mesmo desenvolveu unha teoría acerca do contexto (capítulo 4 e texto número 10 desta introdución). Conscientes, e inconscientes tamén, recollemos unha breve selección de datos bio-gráficos e tentamos dar a palabra a Derrida, auténtica máxima desta monografía, para el ser o que escriba o seu (im)propio (con)texto. Dar a palabra, a Derrida, ao outro, ao que xa non está ou aínda non chegou, ao que volta, a corazón aberto, para nos mostrar a súa voz núa.

**1930:** Nace o 15 de xullo en El-Bihar (Arxelia).

**1934-41:** Xardín de infancia e escola elemental (El-Bihar).

«Do que si me lembro é de 1934: xardín de infancia, sufrimento extremo. Lémbrome moi ben do desamparo, desamparo de me separar da miña familia, da miña nai, os choros, os berros no xardín de infancia, vexo de novo esas imaxes cando a profesora me dicía: «A túa nai virá a buscarte», eu preguntaba: «Onde está?», e ela respondíame: «Está a guisar», e eu imaxinaba que nese xardín de infancia — que por falar niso aínda existe, volvino ver cando estiven na Arxelia— había un sitio onde a miña nai estaba a guisar. Non me imaxinaba que puidese estar noutro lugar que non fose ese xardín de infancia. Lémbrome das bágoas e dos berros á entrada, e das risas á saída, até o punto de que a miña nai me preguntou unha vez: «Por que choras e berras ao entrar e saes rindo e cantando?», e eu respondín con esta tautoloxía: «Porque prefiro saír que entrar». [...] A escola primaria estaba en fronte do xardín de infantes. Eu era un bo alumno na escola primaria, con moita frecuencia o primeiro da clase, o que me permitiu darme conta das mudanzas debidas á Ocupación e á chegada ao poder do mariscal Pétain. Nos colexios de Arxelia, onde non había alemáns, comezaron a obrigarnos a mandar cartas ao mariscal Pétain, a cantar «Mariscal, velaquí estamos!», etc., a izar a bandeira todas as mañás ao comezar as aulas e, embora lle fose pedido sempre ao primeiro da clase que izase a bandeira, cando chegaba a miña vez, facían que outro me substituíse.»

(Entrevista con J. Derrida en *A voix nue* en France Culturel con Ca-

therine Paoletti, na semana do 14 ao 18 de decembro de 1998)

**1941:** Liceo de Ben Aknoun

**1942:** Derrida é expulsado do Liceo por ser xudeu.

«Despois entrei en sixième no liceo. En 1941. En outubro de 1942, pouco antes do desembarque dos Aliados no norte da África, foi cando foron aplicadas as leis sobre os *numerus clausus* no meu liceo. Xa foran aplicadas antes, a miña irmá e o meu irmán expulsáronos do colexio. A min, por unha razón que ignoro, foime concedido un ano máis, con todo o primeiro día de curso, no liceo de Ben Aknoun, o vixilante xeral chamoume ao seu gabinete e díxome: «Vas voltar á casa, os teus pais explicaráncho.»

(*A voix nue*, op. Cit.)

«Tócalle a Francia, á universidade francesa. Acúsasme de ser desapiadado e sobre todo inxusto con ela (contas por saldar, quizá: por acaso non me expulsaron da escola aos once anos, sen que ningún alemán puxese un pé na Arxelia? O único prefecto, o nome do cal recordo hoxe, mándame chamar ao seu escritorio: «voltas á casa, pequeno, os teus pais recibirán despois unha notificación». Nese momento non entendín nada mais desde entón? Por acaso non o farían de novo, se puideren? Por acaso non me prohibirían a escola? Non é talvez por esa razón pola que me instalei nela desde sempre para provocalos e darlles aínda máis ganas, sempre no límite, de me expulsar outra vez? Non, non acredito para nada, en absoluto, nesas hipóteses. Seducen ou divirten, son manipulábeis, mais carecen de valor, son clixés. E alén diso xa sabes

que non estou a favor da destrución da universitas ou da desaparición dos gardiáns, mais precisamente hai que lles dar certa guerra cando o escurantismo e sobre todo a vulgaridade se instala nela, o que resulta inevitábel»

(Derrida, J., *La carte postale, de Socrate à Freud et au-delà*.  
París, Flammarion, 1980. p. 97)

### **1943-47: Volta ao Liceo Ben Aknoun.**

«Cando voltei ao liceo estaba ocupado polos ingleses. Transformárase nun hospital inglés. Dabamos aulas nunha especie de barracón próximo ao liceo e como os profesores, os homes, estaban mobilizados, botaban man de profesores xubilados ou de mulleres. Todo isto aconteceu, naturalmente, dentro dun inmenso desorde, entre 1942 e 1945, e durante eses anos foi cando os meus compañeiros de sala e eu pensabamos máis, efectivamente, en alborotar. Provocabamos barullo violentamente, case me daría vergoña contar as reprimendas que organizabamos, porque ás veces eran crueis. Tamén xogabamos ao fútbol. A miña paixón polo deporte en xeral e polo fútbol en particular vén desa época en que ir ao colexio quería dicir ir cos tenis de fútbol dentro da carteira. Tiña un verdadeiro culto por eses zapatos que limpaba, que coidaba máis que os meus cadernos. Fútbol, carreiras, béisbol que nos ensinaron os americanos, partidos contra os prisioneiros italianos, iso é o que nos importaba; a escolaridade era moi secundaria. Tamén, neste caso, coa confusa conciencia de non estar a facer a serio o que debería facer, de non pertencer a eses grupos de «fedellos», de novos tan alborotadores, tentaba ao mesmo tempo que me aceptasen. Isto

seguíu aos traumas da expulsión, que provocaron en min dúas oscilacións: por un lado, o desexo de que me aceptasen de novo os meus compañeiros, as súas familias, o ámbito non xudeu que era o meu ámbito e, por tanto, o desexo de quebrar co impulso gregario que se constituíra dentro de min para responder á agresión e ao trauma. En certo modo, eu non quería pertencer á comunidade xudía, estivera a faltar ás aulas durante case un ano antes de aceptar voltar de novo ao liceo xudeu de Arxel creado cos profesores xudeus expulsados e onde me inscribían. Non soportaba o encerro dentro desa comunidade e, por conseguinte, dentro de min producírase unha profunda ruptura afectiva. Por outro lado, convertínme en alguén extremadamente vulnerábel perante calquera manifestación antisemita ou racista, moi sensíbel ás aldraxes que xermolaban a cada paso, sobre todo, por parte das crianzas. Esa violencia marcóme para sempre. Dese momento procede sen dúbida o sentimento, o desexo de soidade, de retirada respecto a calquera comunidade, mesmo a calquera «nacionalidade», e o sentimento de desconfianza respecto mesmo a esa palabra de «comunidad»: en canto vexo que se constitúe unha pertenza un pouco demasiado natural, protectora e fusional, desaparezo... Trátase dunha secuela desa época que é propiamente miña, mais que pode xustificarse hoxe en día unha ética máis xeral. [...] Como ás veces falei dese soño de futbolista profesional, con moita frecuencia recórdanmo coma se fose o meu único soño desde a miña adolescencia. Acho que teño que complicar un pouco as cousas. É verdade que compartín ese soño cos meus amigos, que tiña moita vontade de xogar ben ao fútbol e

que os días en que marcaba un gol estaba moi contento. Non obstante, desde os 12-13 anos, quere dicir, na mesma época, comecei a ler uns textos que os «fedellos» en cuestión non lían e a querer escribir. Algúns profesores de francés, desde *sixième* e *cinquième*, faláronme de Gide, por exemplo. Lémbrome que, en *sixième*, tiña un profesor que se chamaba Lefevre. Viña da Francia, era un novo entusiasta de cabelo louro, paréceme que o estou a ver: un día falounos de *Os alimentos terreaís*. Aconsellounos que o lésemos após un fervente eloxio. Lanceime sobre o libro en canto tiveren ocasión. A lectura de Gide, o mesmo que a de Rousseau, chegoume a través do colexio, mais *O inmoralista* de Gide conducíume el só para Nietzsche e, a partir dese momento, comecei a comprar libros. Había moi poucos libros na miña casa e, por tanto, en canto tiña un pouco de diñeiro, ía comprar. Gide foi unha grande paixón miña dos 14 anos. Despois viñeron Nietzsche e Valéry. Despois púxenme a comprar revistas literarias. Arxel era unha capital cultural ao final da guerra e ao comezo da posguerra. Había moitas publicacións, ás veces arxelinas, en editoras como Charlot, e tamén había revistas literarias, que eu lía relixiosamente e que gardaba: tiña montóns de revistas literarias.»

(*A voix nue*, op. Cit.)

**1947-49:** Curso de filosofía no Liceo Gauthier de Arxel. Remata o bacharelato e inclínase para a filosofía.

«O proceso foi lento. Evidentemente, desde a idade de 14-15 anos soñaba con ser escritor e, para me gañar a vida, profesor de Letras. Era a profesión máis compatíbel coa

liberdade do escritor que quería ser. En aulas de *Terminale* é cando comecei de verdade a ler filosofía; e como me decatei tamén nese momento de que, ao non estudar grego no liceo, non podería presentarme ao concurso para profesor de letras, díxenme no fondo: por que non conciliar as dúas cousas e converterme en profesor de filosofía? Os grandes modelos de entón, como Sartre, eran xente que facían ao mesmo tempo literatura e filosofía. Así, pouco a pouco, sen renunciar á escritura literaria, pensei que, profesionalmente, a filosofía era un mellor cálculo»

(*A voix nue*, op. Cit.)

**1949-57:** Comezo da vida filosófico-académica. Ingreso na ENS (*École Normale Supérieure*, París). Primeiros escritos.

«Durante os primeiros anos dos meus estudos filosóficos, cando comecei a ler e a escribir sobre Husserl, ao principio dos anos cincuenta, despois de que Sartre e Merleau-Ponty introducisen a fenomenoloxía, sentía a necesidade de formular a cuestión da ciencia, da epistemoloxía, a partir da fenomenoloxía, cousa que Sartre e Merleau-Ponty en certo modo non fixeran. Por tanto, escribín os meus primeiros ensaios sobre Husserl orientándoos para as cuestións da obxectividade científica e matemática: Cavallès, Tran-Duc-Tao e tamén a cuestión marxista. Ao longo deses primeiros escritos buscaba, por fidelidade a ese anhelo de escritura, o que dentro da fenomenoloxía husserliana podía permitirme problematizar a escritura. Onde fala da escritura? Que fai con ela? Como articular esas cuestións da ciencia, da fenomenoloxía»

loxía e da escritura? Achei ese lugar en *L'origine de la géométrie*, [...] que inmediatamente despois decidín traducir. Xusto despois da *agregation* recordo ir ver a Jean Hyppolite e dicirlle: «Quero traducir *L'origine de la géométrie* e traballar sobre ese texto».

(*A voix nue*, op. Cit.)

**1957-59:** Fai o servizo militar en plena Guerra da Arxelia.

**1959-68:** Profesor no Liceo de Le Mans. Profesor na Sorbona. Investigador na CNRS. *Maître-assistant* na ENS. Primeiras publicacións e viaxes.

«Após publicar *L'origine de la géométrie* púxenme a escribir para revistas como *Critique*: escribín sobre Jabès, sobre Foucault, e para *Tel Quel* sobre Artaud, precisamente; nese texto é onde o concepto de *différance* cun «a» apareceu por primeira vez, antes mesmo de que escribise *La différance* e, por conseguinte, nese momento, nos anos 1964-1968, é cando, con efecto, grazas a *Tel Quel* en certo modo e nunhas condicións de complicidade que me foron moi favorábeis, puiden elaborar un discurso que procurase manter unidas as cuestións filosóficas, fenomenolóxicas, as cuestións antropolóxicas, históricas sobre a escritura, e as cuestións da literatura, da explicación do escritor coa súa sinatura, da relación entre fala e escritura, etc. [...] Preparei a *École Normale* desde París. Funme da Arxelia en barco e pisei Francia por primeira vez aos 19 anos. As *khâgnes* do liceo Louis-le-Grand, os concursos para entrar na *École Normale*, os concursos da *agregation* (dígoos en plural porque suspendín polo menos unha vez



nun e outro caso), foron unhas probas terroríficas, uns momentos de angustia e de cansazo até un punto que non volvíñ coñecer desde entón; encontrábame moito máis vulnerábel física e psiquicamente do que agora. Esta situación rozou o límite do soportábel durante tres anos antes de entrar na ENS e despois durante catro anos na ENS. A culpa tena o sistema deses concursos. A ameaza da guillotina, polo menos así era como o experimentábase, converteu para min eses anos en infernais. Ese pasado foi doloroso, nunca gostei da escola, por dicir as cousas moi de présa, sentínme moi mal alí; non obstante, sempre regresei, e a ENS foi o mellor exemplo diso porque, a través do sufrimento, o modelo sedutor, fascinante, da escola foime imposto, de forma que, cando Hyppolite e Althusser me propuxeron voltar alí, aínda que eu podía estar noutro lugar (eu xa estaba no CNRS), presentei a miña dimisión ao CNRS para voltar á ENS. Calquera que sexa a crítica que puidese facer a esa Escola, nese momento era un modelo, e ensinar nela era unha especie de honra e de gratificación que nunca tiven o valor nin o desexo de recusar. Esa ambigüidade da escola —detestada, cara á que se volve todo o tempo— continuou a ser unha constante. Hoxe, en certo modo, síntome libre, xa que non teño ningunha obriga de ensinar, mais non obstante continuo a dar un seminario, sen contar que o ensino no estranxeiro sempre é posíbel. Mediante unha especie de compromiso, de transacción que sería a marca da miña relación con iso que se denomina a escola, vou por conseguinte a continuar a estar nela sen estar, a non escoller entre ficar e irme. No fondo é o que sempre fixen»

(*A voix nue*, op. Cit.)

1972: Ruptura definitiva co grupo *Tel quel* e con Sollers.

1975-83: Fundación da GREPH (*Groupe de recherches sur l'enseignement philosophique*) en 1975; Estados Xerais da filosofía na Sorbona en 1979. Lévasa a cabo o primeiro coloquio de Cerisy dedicado á súa obra (1980). Fundación do *Collège International de Philosophie* (París) en 1983 e director de estudos na EHESS (*École des Hautes Études en Sciences Sociales*, París).

«Os que non tiñan vontade de verme na súa casa, como na universidade, notaban moi ben que eu nin estaba nin estaría na súa casa, que non me sentía alí na miña casa. [...] Eu non quería pertencer a esas institucións cun consentimento pasivo, sen as pór en dúbida, e iso reflectíase de dúas maneiras: por un lado, sempre respondín ao que considero que son as exixencias máis dignas da universidade e do ensino filosófico, mais vinme conducido a cuestionar certo número de normas institucionais, non só na práctica cotiá, mais na escritura, no ensino, na forma de formular as preguntas, no que eu escribía afinal de contas. Non era a miña persoa ou a cor dos meus ollos do que non gostaban, senón que era o que eu escribía —e a relación entre o que ensinaba e escribía— o que se consideraba dificilmente aceptábel. Penso que a resposta era a un tempo chocante e normal, previsíbel vindo de parte dunha institución que se defendeu contra esas cuestións».

[...]

Os *Etats généraux de la Philosophie* de 1979 fixeron que o goberno se botase atrás nunha reforma que ía des-

embocar se non na desaparición, si polo menos nunha redución perigosa da filosofía en *Terminale*. A creación do *Collège International de Philosophie*, as premisas da cal eran as do GREPH, permitiu que a filosofía se abrise a novos obxectos, a intercambios doutro tipo non piramidal como adoitaba dicirse, non xerárquico, coas disciplinas científicas, literarias, artísticas. O afán era abrir un espazo a obxectos que non fosen aínda lexítimos nas institucións universitarias, ao tempo que se acollía docentes do ensino secundario, artistas, arquitectos, estranxeiros.

(*A voix nue*, op. Cit.)

**1986:** Profesor visitante en Irvine (Univ. de California). Colabora con P. Eisenman no parque da *Villette* (París).

**1986-1991:** A súa imaxe pública, asumida desde 1981 despois de que os xornalistas o retratan cando regresaba do encarceramento en Praga por axudar os intelectuais disidentes, vira cada vez máis presente participando en numerosas entrevistas, programas de radio e mesmo no cinema (*L'Appel du Silence*, 1983 e *Ghost Dance*, 1984, son das primeiras colaboracións cinematográficas). Recibe o Premio Friedrich Nietzsche (1988). Inicia a doazón dos seus papeis ao *Critical Theory Archive* da Universidade de California en Irving (1990). Morre a súa nai (1991).

**1992-97:** Recibe o Premio Ignacio Silone. É realizado o segundo coloquio de Cerisy dedicado á súa obra: *Le passage des frontières*. (1992). Funda o «*Parlement des*

*écrivains*» (1993). Vicepresidente do Parlamento Internacional de Escritores (1994). Terceiro coloquio de Cerisy sobre Derrida e a súa obra: *L'animal autobiographique. Autour du travail de Jacques Derrida* (1997).

**1998:** Encontro con Nelson Mandela.

**2000-04:** Safaa Fathy grava o filme *D'ailleurs Derrida* (2000). Recibe o premio Theodor Wiesengrund Adorno (2001). Nomeado membro de Consello Científico do departamento de filosofía da ENS e é celebrado o cuarto coloquio de Cerisy dedicado á súa obra: *La démocratie à venir* (2002). Realiza o filme *Derrida* de Amy Kofman e Kirby Dick. (2003). Morre o 8 de outubro de 2004 sen deixar de escribir até máis alén, mesmo, do final.

«Jacques non quixo nin ritual nin oración. Sabe por experiencia que proba supón para o amigo que se fai cargo. Pídeme que vos agradeza vir, que vos abenzoe, prégavos que non esteades tristes, que non pensedes máis que nos numerosos momentos ditosos que lle destes a posibilidade de compartir con el. Sorrídeme, di, como eu vos sorriría até o final. Preferide a vida e afirmade sen descanso a sobrevida... Ámovos e sorríovos desde onde queira que estea.»

(Texto da carta escrita por Jacques Derrida para ser lida durante o seu enterro)

---

## BIBLIOGRAFÍA



LIBROS

*De la grammatologie.* Paris, Minuit, 1967.

*L'écriture et la différence.* Paris, Seuil, 1967.

(Contén: «Force et signification»; «Cogito et histoire de la folie»; «Edmond Jabès et la question du livre»; «Violence et métaphysique. Essai sur la pensée d'Emmanuel Levinas»; «'Genèse et structure' et la phénoménologie»; «La parole soufflée»; «Freud et la scène de l'écriture»; «Le théâtre de la cruauté et la clôture de la représentation»; «De l'économie restreinte à l'économie générale. Un hégélianisme sans réserve»; «La structure, le signe et le jeu dans le discours des sciences humaines»; «Ellipse»).

*La voix et le phénomène.* Paris, Presses Universitaires de France, 1967.

*La dissémination.* Paris, Seuil, 1972.

(Contén: «Hors-livre»; «La pharmacie de Platon»; «La dissémination»; «La double séance»).

*Marges - de la philosophie.* Paris, Minuit, 1972.

(Contén: «Tympan»; «La différence»; «Ousia et grammè. Note sur une note de Sein und Zeit»; «Le puits et la pyramide. Introduction à la sémiologie de Hegel»; «Les fins de l'homme»; «Le cercle linguistique de Genève»; «La forme et le vouloir-dire. Note sur la phénoménologie du langage»; «Le supplément de copule. La philosophie devant la linguistique»; «La mythologie blanche. La métaphore dans le texte philosophique»; «Qual Quelle. Les sources de Valéry»; «Signature, événement, contexte»).

*Positions.* Paris, Minuit, 1972.

(Contén: «Implication. Entretien avec Henri Ronse»; «Sémiologie et grammatologie. Entretien avec Julia Kristeva»; «Positions. Entretien avec J.L. Houdebine et Guy Scarpetta»).

*Glas.* Paris, Galilée, 1974.

*L'archéologie du frivole.* Paris, Denoël-Gonthier, 1976. (Anteriormente publicado como introducción ao *Essai sur l'origine des connaissances humaines* de Condillac. Paris, Galilée, 1973).

Éperons. *Les styles de Nietzsche*. Paris, Flammarion, 1978.

(Primeira versão deste estudo: «La question du style» en AA.VV.: *Nietzsche aujourd'hui*. Tomo I. Paris, Union Générale d'Éditions, 1973).

*La vérité en peinture*. Paris, Flammarion, 1978.

(Contén: «Passe-partout»; «Parergon»; «+ R (par-dessus le marché)»; «Cartouches»; «Restitutions de la vérité en peinture»).

*La carte postale, de Socrate à Freud et au-delà*. Paris, Flammarion, 1980.

(Contén: «Envois»; «Spéculer -sur Freud»; «Le facteur de la vérité»; «Du tout»).

*D'un ton apocalyptique adopté naguère en philosophie*. Paris, Galilée, 1983

(Anteriormente publicado en AA.VV.: *Les fins de l'homme. À partir du travail de Jacques Derrida*. Paris, Galilée, 1981).

*Otobiographies. L'enseignement de Nietzsche et la politique du nom propre*.

Paris, Galilée, 1984.

*Parages*. Paris, Galilée, 1986 (Contén: «Pas»; «Survivre»; «Titre à préciser»; «La loi du genre»); 2003, nova ed. aumentada.

*Schibboleth. Pour Paul Celan*. Paris, Galilée, 1986.

*De l'esprit. Heidegger et la question*. Paris, Galilée, 1987.

*Feu la cendre*. Paris, Ed. des Fem-mes, 1987.

*Psyché. Inventions de l'autre*. Paris, Galilée, 1987.

(Contén: «Psyché. Invention de l'autre»; «Le retrait de la métaphore»; «Ce qui reste à force de musique»; «Illustrer, dit-il»; «Envoi»; «Moi - la psychanalyse»; «En ce moment même dans cet ouvrage me voici»; «Des tours de Babel»; «Télépathie»; «Ex abrupto»; «Les morts de Roland Barthes»; «Une idée de Flaubert. La lettre de Platon»; «Géopsychanalyse 'and the rest of the world'»; «Le dernier mot du racisme»; «No apocalypse, not now (à toute vitesse, sept missiles, sept missives)»; «Lettre à un ami japonais»; «Geschlecht: différence sexuelle, différence ontologique»; «La main de Heidegger (*Geschlecht II*)»; «Admiration pour Nelson Mandela ou Les lois de la réflexion»; «Point de folie - maintenant l'architecture»; «Pourquoi Peter Eisenman écrit de si bons livres»; «Cinquante-deux aphorismes pour un avant-propos»; «L'aphorisme à contretemps»; «Comment ne pas parler. *Dénégations*»; «Désistance»; «Nombre de oui»); *Psyché. Inventions de*



*l'autre*, t. I, 1998, nova ed. aumentada ; *Psyché. Invention de l'autre*, t. II, 2003, nova ed. aumentada.

*Ulysse gramophone. Deux mots pour Joyce*. Paris, Galilée, 1987.

*Signéponge*. Paris, Seuil, 1988.

*Mémoires - Pour Paul de Man*. Paris, Galilée, 1988.

*Du Droit à la Philosophie*. Paris, Galilée, 1990.

(Contén: «Privilège»; «Où commence et comment finit un corps enseignant»; «La crise de l'enseignement philosophique»; «L'âge de Hegel»; «La philosophie et ses classes»; «Les corps divisés»; «Philosophie des États Généraux»; «La philosophie dans sa langue nationale (vers une 'litterature en françois')»; «Les romans de Descartes ou l'économie des mots»; «Chaire vacante: censure, maîtrise, magistralité»; «Théologie de la traduction»; «*Mochlos* - ou le conflit des facultés»; «Ponctuations: le temps de la thèse»; «Les pupilles de l'Université. Le principe de raison et l'idée de l'Université»; «'Éloge de la philosophie'»; «Les antinomies de la discipline philosophique»; «Popularités. Du droit à la philosophie du droit»; «'Qui a peur de la philosophie?'»; «Titres (pour le Collège International de Philosophie)»; «Coups d'envoi (pour le Collège International de Philosophie)»; «Rapport de la Commission de Philosophie et d'Épistémologie»).

*Limited Inc*. Paris, Galilée, 1990.

*Mémoires d'aveugle. L'autoportrait et autres ruines*. Paris, Louvre, Réunion des Musées Nationaux, 1990.

*Le problème de la genèse dans la phénoménologie de Husserl*. Paris, PUF, 1990.

*Donner le temps, 1. La fausse monnaie*. Paris, Galilée, 1991.

*L'autre cap. La démocratie ajournée*. Paris, Minuit, 1991. (con G. Vattimo, Eds.) : *Diritto, giustizia e interpretazione*. Bari, Laterza e Figli, 1992.

*Points de suspension. Entretiens*. Paris, Galilée, 1992.

(Contén: «Entre crochets I»; «Ja, ou le faux-bond II»; «'Le presque rien de l'imprésentable'»; «Choréographies»; «D'un certain Collège International de Philosophie encore à venir»; Desceller ('la vieille neuve langue'); «Dialangues»; «*Voice II*»; «Le langage (*Le Monde* au téléphone)»; «Heidegger, l'enfer des philosophes»; «Comment donner raison?»; «'Il n'y a pas le narcissisme' (autobio-

- photographies)»; «Y-a-t-il une langue philosophique?»; «Rhétorique de la drogue»; «'Il faut bien manger' ou le calcul du sujet»; «*Che cos'è la poesia?*»; «*Istrice 2. Ick bünn all hier*»; «Derechef, du droit à la philosophie»; «'Une «folie» doit veiller sur la pensée'; «Contresignatures»; «Passages - du traumatisme à la promesse»).
- Khôra*. Paris, Galilée, 1993.
- Passions*. Paris, Galilée, 1993.
- Sauf le nom*. Paris, Galilée, 1993.
- Spectres de Marx*. Paris, Galilée, 1993.
- Prégnances. Quatre lavis de Colette Deblé*. Paris, Brandes, 1993.
- Force de loi*. Paris, Galilée, 1994.
- Politiques de l'amitié*. Paris, Galilée, 1994. [Contén: «Politiques de l'amitié»; «Philopolémologie (*Geschlecht IV*)»]
- Moscou aller-retour*. Paris, Éditions de l'Aube, 1995.
- Mal d'archive. Une impression freudienne*. Paris, Galilée, 1995.
- Apories. Mourir -s'attendre 'aux limites de la vérité'*. Paris, Galilée, 1996.
- Échographies -de la télévision* (con Bernard Stiegler). Paris, Galilée-INA, 1996.
- Erradid* (con W. Mihuleac). Galerie La Hune Brenner, 1996.
- Le monolinguisme de l'autre*. Paris, Galilée, 1996.
- Résistances. De la psychanalyse*. Paris, Galilée, 1996.
- Adieu -à Emmanuel Lévinas*. Paris, Galilée, 1997.
- Cosmopolites de tous les pays, encore un effort!*. Paris, Galilée, 1997.
- De l'hospitalité*. Paris, Calmann-Lévy, 1997.
- Le droit à la philosophie du point de vue cosmopolitique*. Paris, Verdier-Unesco, 1997.
- Marx en jeu* (con Marc Guillaume e Jean-Pierre Vincent). Paris, Descartes & Cie., 1997.
- Il gusto del segreto* (con M. Ferraris). Roma-Bari, Laterza, 1997.
- Demeure. Maurice Blanchot*. Paris, Galilée, 1998.
- Le Rapport bleu. Les sources historiques et théoriques du Collège international de Philosophie* (con F. Châtelet, J.-P. Faye, D. Lecourt). Paris, PUF, 1998.
- Voiles* (con H. Cixous). Paris, Galilée, 1998.
- Donner la mort*. Paris, Galilée, 1999.
- La contre-allée* (con C. Malabou). Paris, La Quinzaine Littéraire-Louis Vuitton, 1999.

- Sur parole. Instantanés philosophiques.* Paris, Éd. de l'Aube, 1999.
- Foi et savoir, seguido de Le siècle et le pardon.* Paris, Seuil, 2000.
- Tourner les mots* (con S. Fathy). Paris, Galilée, 2000.
- Le toucher.* Jean-Luc Nancy. Paris, Galilée, 2000.
- États d'âme de la psychanalyse.* Paris, Galilée, 2000.
- Atlan Grand Format (De la couleur à la lettre).* Paris, Gallimard, 2001.
- L'université sans condition.* Paris, Galilée, 2001.
- De quoi demain... Dialogue* (con E. Roudinesco). Paris, Fayard/Galilée, 2001.
- La connaissance des textes* (con S. Hantaï e J.-L. Nancy). Paris, Galilée, 2001.
- Papier Machine.* Paris, Galilée, 2001.
- Artaud le Moma.* Paris, Galilée, 2002.
- Fichus.* Paris, Galilée, 2002.
- H.C. pour la vie c'est à dire.* Paris, Galilée, 2002.
- Marx & Sons.* Paris, PUF/Galilée, 2002.
- Au-delà des apparences. Entretiens* (con A. Spire). Nantes, Le Bord de l'Eau. 2002.
- Inconditionnalité ou souveraineté. L'Université aux frontières de l'Europe.* Edición bilingüe franco-grega. Atenas, Ed. Patakis, 2002.
- Voyous.* Paris, Galilée, 2003.
- Genèses, généalogies, genres et le génie. Les secrets de l'archive.* Paris, Galilée, 2003.
- Chaque fois unique, la fin du monde* (P.A. Brault e M. Nass, Eds.). Paris, Galilée, 2003.
- Psyché. Inventions de l'autre. II.* Paris, Galilée, 2003.
- Béliers. Le dialogue ininterrompu : entre deux infinis, le poème.* Paris, Galilée, 2003.
- Le concept du 11 septembre. Dialogues à New York (outubro-decembro 2001) avec Giovanna Borradori* (con J. Habermas). Paris, Galilée, 2004.
- Le souverain Bien.* Edición bilingüe franco-portuguesa. Viseu, Palimage Ed., 2004.
- Apprendre à vivre enfin. Entretien avec Jean Birnbaum.* Paris, Galilée, 2005.
- Déplier Ponge. Entretien avec G. Farasse.* Villeneuve-d'Ascq, Presses Universitaires du Septentrion, 2005.

- L'animal que donc je suis*. Paris, Galilée, 2006.  
*Séminaire. La bête et le souverain. Volume I (2001-2002)*. Paris, Galilée, 2008.  
*Demeure, Athènes*. Paris, Galilée, 2009.  
*Séminaire. La bête et le souverain. Volume II (2002-2003)*. Paris, Galilée, 2010.

#### ARTIGOS E PREFACIOS EN LIBROS E REVISTAS (SELECCIÓN)

- «Introduction». E. HUSSERL.: *L'origine de la géométrie*. Paris, PUF, 1962.  
«Lebenswelt und Geschichte de H. Hohl». *Les Études Philosophiques*, 1 (1963).  
«Phänomenologische Psychologie de E. Husserl». *Les Études Philosophiques*, 2 (1963).  
«À propos de Cogito et Histoire de la Folie». *Revue de Métaphysique et de Morale*, vol. 69, n° 164 (1964).  
«Edmund Husserl's theory of meaning de J.N. Mohanty». *Les Études Philosophiques*, 4 (1964).  
«La phénoménologie et la clôture de la métaphysique». *Epoches* (1966).  
«D'un texte à l'écart». *Les Temps Modernes*, 284 (1970).  
«Discussion». R. MACKSEY e E. DONATO (Eds.): *The Structuralist Controversy: The Languages of Criticism and the Sciences of Man*. Baltimore, The John Hopkins University Press, 1970.  
«Les détenus parlent». *Esprit*, vol. 39, n° 6 (1971).  
«Jabès aujourd'hui». *Les Nouveaux Cahiers*, 31 (inverno 1972-1973).  
«Linguistics and grammatology». *Sub-stance*, 10 (1974).  
«Mallarmé». A.A.VV.: *Tableau de la littérature française*. Paris, Gallimard, 1974.  
«À-coup (réponse sur l'avant-garde)». *Digraphe*, 6 (1975).  
«Desarticulations de la mimeuse» e «Economimesis». A.A.VV.: *Mimésis des articulations*. Paris, Aubier-Flammarion, 1975.  
«Littérature et philosophie mêlées». *Poétique*, 21 (1975).  
«Fors». Prefacio a N. ABRAHAM e M. TOROK: *Cryptonimie. Le verbière de l'homme aux loups*. Paris, Aubier-Flammarion, 1976.  
«Où commence et comment finit un corps enseignant». D. GRISONI. (Ed.): *Politiques de la philosophie*. Paris, Bernard Grasset, 1976.

- «Où sont les chasseurs de sorcières». *Le Monde* (1-7-1976).
- «L'âge de Hegel»; «La philosophie et ses classes»; «Réponses à la Nouvelle Critique». A.A.V.V.: *Qui a peur de la philosophie?*. Paris, Flammarion, 1977.
- «Prière d'insérer». M. BÉNÉZET: *Dits et Récits du Mortel*. Paris Flammarion, 1977.
- «Scribble: pouvoir/écrire». Prefacio a W. WARBURTON.: *Essai sur les hiéroglyphes des Égyptiens*. Paris, Aubier-Flammarion, 1977.
- «Strutturalismo e Destruutturazione». G. VATIMO (Ed.): *Estetica Moderna*. Bolonia, Il Molino, 1977.
- «Becoming woman». *Semiotext(e)*, vol. 3, n° 1 (1978).
- «Coming into One's Own». G.H. HARTMAN (Ed.): *Psychoanalysis and the Question of the Text*. Baltimore, The John Hopkins University Press, 1978.
- «Ein Porträt Benjamins». B. LINDNER: *Walter Benjamin im Kontext*. Frankfurt, Syndikat, 1978.
- «Le Colossal». *Erres*, 6-7 (1978).
- «Speech and Writing According to Hegel». *Man and World*, 11 (1978).
- «Philosophie des États généraux». A.A.V.V.: *États généraux de la philosophie (16 et 17 Juin 1979)*. Paris, Flammarion, 1979.
- «Destino bianco della metafora». M. CRISTALDI (Ed.): *La metafora e lo stato*. Cassino, Garigliano, 1979.
- «Ocelle comme pas un». Prefacio a J. JOLIET: *L'enfant au chien-assis*. Paris, Galilée, 1980.
- «The Time of a Thesis: Punctuations». A. MONTEFIORE (Ed.): *Philosophy in France Today*. Cambridge University Press, 1982.
- «Économies de la crise». *La Quinzaine Littéraire*, 339 (15-31 agosto 1983).
- «La langue et le discours de la méthode». *Recherches sur la philosophie et le langage*, 3 (1983).
- «Mes chances. Au rendez-vous de quelques stéréophonies épicurien-nes». *Tijdschrift voor Filosofie* 45 (1983) 1 (Posteriormente publicado en *Confrontation. Cahiers*, n°19. Primavera 1988).
- «Bonnes volontés de puissance (une réponse à H. G. Gadamer)». *Revue Internationale de Philosophie*, 151 (1984).
- «Ce que j'aurais dit...». *Le Complexe de Léonard ou la Société de Création*. Paris, Le Nouvel Observateur, 1984.

- «Die Unterschriften interpretieren: Nietzsche/Heidegger». D.P. MICHELFELDER. e R.E. PALMER.: *Text und Interpretation*. Munich, Fink/UTB, 1984.
- «Les événements? quels événements?». *Le Nouvel Observateur*, 1045 (1984).
- «Women in the Beehive». *Subjet/Objet* (primavera 1984).
- «Mochlos ou le conflit des facultés». *Philosophie*, 2 (1984).
- «Devant la loi». A.P.H. GRIFFITHS (Ed.): *Philosophie and Literature*. Cambridge University Press, 1984 (Segunda versión modificada deste texto: «Préjugés. Devant la loi». A.A.V.V.: *La faculté de juger*. Colloque de Cerisy, Paris, Minuit, 1985).
- «Lecture» M.F. PLISSART, *Droit de regards*. Paris, Minuit, 1985.
- «Philosophie in der Diaspora. Gespräch zwischen J. Derrida und J.-F. Lyotard, moderiert von Th. Ferenczi». A.A.V.V.: *Immaterialität und Postmoderne*. Trad. M.Karbe. Berlín, Merve, 1985.
- «Popularités. Du droit à la philosophie du droit». Prólogo a A.A.V.V.: *Les sauvages dans la cité*. Champ Vallon, 1985. (con P. Labarriere): *Altérités*, con estudos de F. Guibal e S. Breton. Paris, Osiris, 1986.
- «Adami». D. BOZO (Ed.): *Valerio Adami*. Paris, Centre Pompidou, 1986.
- «Critical Response: But, beyond... Open Letter to Anne McClintock and Rob Nixon». *Critical Inquiry*, 13 (outono 1986).
- «Forcener le subjectile». P. THÉVENIN. e J. DERRIDA.: *Antonin Artaud. Dessins et portraits*. Paris, Gallimard, 1986.
- «Interpreting Signatures (Nietzsche/Heidegger): Two Questions». *Philosophy and Literature* 2 (outubro 1986).
- «Les pupilles de l'Université. Le principe de raison et l'idée de l'Université». *Cahier du Collège International de Philosophie* 2 (1986).
- «Les antinomies de la discipline philosophique. Lettre préface». A.A.V.V.: *La grève des philosophes. École et philosophie*. Paris, Osiris, 1986.
- «Labyrinth und Archi/Textur». E. MEYER.: *Architexturen*. Frankfurt, Roter Stern, 1986.
- «Pardonnez-moi de vous prendre au mot». *La Quinzaine Littéraire*, 459 (16-31 marzo 1986).
- «Petite fuite alexandrine (vers toi)». *Notes. Monostiches, One Line Poems*. Paris, Flammarion, 1986.

- «Proverb: 'He that Would Pun'». J. LEAVY (Ed.): *Glossary*. Nebraska Univ. Press, 1986.
- «On Reading Heidegger. An Outline of Remarks to Essex Colloquium». *Research in Phenomenology*, XVII (1987).
- «Reply». A. JARDINE. e P. SMITH.: *Men in Feminism*. Londres, Methuen, 1987.
- «Chora». A.A.VV.: *Poikilia. Études offertes à J.P. Vernant*. Paris, École des Hautes Études en Sciences Sociales, 1987.
- «Heideggers Schweigen». E. KETTERING e G. NESKE: *Antwort. Martin Heidegger im Gespräch*. Pfullingen, Neske, 1988.
- «Les chances de la pensée». *Légende du siècle*, vol. 5, n° 19 (abril 1988).
- «Une nouvelle affaire». *La Quinzaine Littéraire* (16-29 febreiro 1988).
- «Che cos'è la poesia?». *Poesia* 1 (novembro 1988) 11.
- «Y a-t-il une langue philosophique?». *Autrement*, 102 (novembro 1988).
- «The Politics of Friendship». *The Journal of Philosophy*, 85 (1988) 11.
- «Le philosophe et les architectes». *Diagonal*, 73 (1988).
- «Like the Sound of the Sea Deep within a Shell: Paul de Man's War». *Critical Inquiry*, 14 (primavera 1988).
- «Maurice Nadeau». *La Quinzaine Littéraire*, 503-31 (1988).
- «Une lettre de Jacques Derrida». *Libération* (3 marzo 1988).
- «Biodegradables: Seven Diary Fragments». *Critical Inquiry*, 15.4 (1989).
- «Désistance». PH. LACOUÉ-LABARTHE (Ed.). *Typography: Mimesis, Philosophy, Politics*. Londres, Harvard Univ. Press, 1989.
- «How to Avoid Speaking: Denials». H. COWARD. e T. FOSHAY. (Eds.): *Derrida and Negative Theology*. Albany, SUNY Press, 1989.
- «How to Concede, with Reasons?». *Diacritics*, 19.3-4 (1989).
- «In conversation with Christopher Norris». *Architectural Design*, 58 (1989).
- «Of Spirit». *Critical Inquiry*, 15 (1989).
- «On Colleges and Philosophy». L. APPIGNANESI (Ed.): *Postmodernism: ICA Documents*. Nova Iorque, Columbia University Press, 1989.
- «Rhétorique de la drogue». *Autrement*, 106 (abril 1989).
- «Right of Inspection». *Art & Text*, 32 (1989).
- «Some Statements and Truisms about Neologisms, Newisms, Positisms, Parasitisms, and Other Small Seismisms». D. CARROLL (Ed.):

- The States of Theory*. Nova Iorque, Columbia University Press, 1989.
- «Comment donner raison?». *Diacritics*, 19, 3-4 (outono-inverno, 1989).
- «Three Questions to Hans-Georg Gadamer». D.P. MICHELFELDER e R.E. PALMER (Eds.): *Dialogue & Deconstruction. The Gadamer-Derrida encounter*. Albany, State Univ. of New York Press, 1989.
- «Épreuves d'écriture». *Revue philosophique de la France et de l'étranger*, 115, 2 (abril-xuño, 1990).
- «Interpretations at War. Kant, le Juif, l'Allemand». AA.VV.: *Phénoménologie et Politique. Mélanges Offerts à J. Taminiaux*. Bruxelles, Ousia, 1990.
- «A Discussion with Jacques Derrida». *Writing Instructor*, USC 9.1-2 (1990).
- «A Letter to Peter Eisenman». *Assemblage: A Critical Journal of Architecture and Design*, 12. (agosto 1990).
- «Droit de réponse: à propos de l'enseignement philosophique. J. Derrida répond à Guy Coq». *Esprit*, 6.6. (1990).
- «Force of Law: The Mystical Foundation of Authority». *Cardozo Law Review: Deconstruction and the Possibility of Justice*, 11, 5-6 (1990).
- «La voix de l'ami. En hommage à Henri Joly». *Cahiers du Groupe de recherches sur la philosophie et le langage*, 12, 1990.
- «Let us not Forget - Psychoanalysis». *The Oxford Literary Review* 12, (1990).
- «Louis Althusser. Texte prononcé à la mort de Louis Althusser». *Les Lettres Françaises*, 4 (1990).
- «Mise au point». *Figaro (magazine)* (11-3-1990).
- «On Rhetoric and Composition (Conversation with Gary Olson)». *Journal of Advanced Composition*, USF 10.1 (1990), 1-21.
- «Point de vue». (Réponse à la question: Le seuil de tolérance. C'est quoi pour vous?) *Libération*, 22.1. (1990.)
- «Sendoffs». *Yale French Studies*, 77 (1990).
- «Subverting the Signature: A Theory of the Parasite». *Blast Unlimited*. Boston, 2 (1990).
- «The Philosopher Sees (or Doesn't See)». *The Art Newspaper*, vol. 1, n° 1 (outubro 1990.)
